

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A “COOPERATIVA DE ARMADORES DE PESCA DEL PUERTO DE VIGO, SOCIEDAD COOPERATIVA GALLEGA”, PARA ORGANIZACIÓN DA “VIII CONFERENCIA INTERNACIONAL ARVI SOBRE EL FUTURO DE LA PESCA” EN 2021

En Vigo, na sede da Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI), **26 XULL. 2021**

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Mercedes Rodríguez Moreda, en calidade de directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, por delegación da conselleira, en virtude das facultades delegadas que lle confire a ORDE do 8 de setembro de 2017, da mesma consellería, publicada no DOG núm. 180, 21 de setembro, e de conformidade co Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

E doutra, Hugo Crisanto Ganzález García, xerente adxunto da Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI), con sede en Porto Pesqueiro, edif. Ramiro Gordejuela 36202 Vigo (Pontevedra), inscrita no Rexistro Especial de Cooperativas por Resolución da Dirección Xeral de Promoción Social con data 7 de abril de 1.965, co nº 12.267, actuando na súa representación, de conformidade co disposto na escritura de poder de data catorce de outubro de dous mil dezanove ante o Notario de Vigo, D. José María Rueda Pérez con número de protocolo 2.244.

EXPOÑEN

PRIMEIRO:

Que as administracións públicas poden asinar convenios de colaboración con entidades pertencentes ao sector privado, segundo dispón no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sempre que o seu obxecto non estea comprendido na dita lei ou en normas administrativas especiais.

SEGUNDO:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

Neste sentido a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

TERCEIRO:

A “Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, Sociedad Cooperativa Gallega” (en diante, ARVI) é una institución que representa a todos os segmentos da flota e que exerce a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia. ARVI e as asociacións que a integran constitúen o grupo de armadores de buques pesqueiros máis importante de España e un dos máis importantes da U.E. Desenvolve para o sector actividades de formación, prevención de riscos laborais e promoción da investigación, desenvolvemento e innovación, entre outras, e ten, entre os seus fins, a promoción de especies (promover o valor engadido e a calidade das especies pesqueiras) e prospección de novos mercados para a introdución de novas especies. Neste liña de actuacións está a organización da “VIII Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca” en 2021.

Que por canto a Consellería do Mar e ARVI están interesados na potenciación dos produtos da pesca en Galicia así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta actividade, polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción das especies e prospección de novos mercados.

Sendo a única asociación do sector da pesca, capacitada para executar o investimento inmaterial obxecto deste convenio de colaboración, polo que non sería posible promover a concorrència competitiva con outras asociacións do sector.

Que por canto a Consellería do Mar e a Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) están interesados na potenciación dos produtos da pesca en Galicia así como na mellora da situación socioeconómica das xentes

que viven desta actividade, polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción das especies e prospección de novos mercados.

No marco do presente convenio desenvolveranse diversas accións de promoción do sector e mellora da comercialización coa organización da “VIII Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca”, a celebrar o 27 e 28 de setembro de 2021, de forma presencial e telemática.

#### CUARTO:

Que as partes anteriormente referenciadas consideran de mutuo interese a realización da “VIII Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca”, e que esta actividade redundará nunha mellora do sector pesqueiro.

#### QUINTO:

Que para o desenvolvemento das actividades que se indican máis adiante, as partes, de forma conxunta, dispoñen de medios humanos e materiais suficientes.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) para a realización de diversas accións de promoción do sector e mellora da comercialización coa organización da “VIII Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca” en 2021. As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

1. “VIII Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca”:
  - A) Por parte de ARVI:
    - Promoción da asistencia dos principais distribuidores de peixe de España, dado que o sector da distribución é o principal motor de atracción do resto de empresas da cadea de subministracións.

- Organización previa do evento.
- Elaboración, edición e distribución da documentación.
- Xestión da axenda dos poñentes.
- Dirección técnica, produción e comunicación.

B) Por parte da Consellería do Mar:

- Apoio á organización do evento (que inclúe gastos de persoal, sede, medios audiovisuais, edición de programas, intérprete, etc.).
- Apoio á calidade dos contidos do Congreso a través da programación de poñentes de recoñecido prestixio.

#### SEGUNDA.- CONDICIÓN ECONÓMICAS.

A Consellería do Mar contribuirá á realización das accións comprendidas no obxecto do presente convenio cunha achega económica, que ten como finalidade compensar á Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) polos gastos nos que incorre como consecuencia de levar a cabo as actuacións obxecto do convenio, cifradas na cantidade de VINTE E DOUS MIL SEISCENTOS TRINTA E OITO EUROS (22.638,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 2021.15.02.723B.640.0, código de proxecto 2016 00286S, dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2021, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa propia natureza como un activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.

As actuacións recollidas no presente convenio son financiadas, nun 75 %, co Fondo Europeo Marítimo da Pesca (FEMP). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMP: 5.1.3: Medidas de comercialización, prevista no artigo 68 do Regulamento (UE) 508/2014, do 15 de maio. Esta participación farase constar en todas as actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.



A Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

Farase un único pago contra da presentación das facturas polos investimentos inmateriais realizados, aos que se xuntarán certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración que acrediten que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa Administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para estes efectos.

A Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) aportará unha declaración doutras axudas para a mesma finalidade do convenio e xunto coa documentación presentará a conta de resultados en relación á finalidade do convenio que abranga todos os gastos e ingresos nos que se incorra na organización do evento obxecto do convenio.

Para facer efectivo o pagamento presentarán a memoria á que se fai referencia na cláusula terceira seguinte.

#### TERCEIRA.- OBRIGAS


A Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) obrígase a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente convenio.

No marco do presente convenio, a Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) obrígase a facer constar a participación da Consellería do Mar nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.

Finalmente presentará diante da Consellería do Mar unha memoria descritiva da realización do obxecto do convenio.

#### CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste convenio non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo a Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) responsable das obrigas sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.



#### **QUINTA.- SEGUIMIENTO.**

Aos efectos de coidar do cumprimento de estipulado no presente convenio créase unha Comisión de Seguimento do mesmo, que estará composta polo xefe do Servizo de Mercados, en representación da Consellería do Mar, e polo xefe de Planificación, Proxectos e Innovación, en representación de ARVI. A dita comisión, que se xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio. Esta Comisión de Seguimento garantirá ademais que as aportacións financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non superan os gastos derivados da execución do convenio.

Neste senso, a Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) atenderá ás indicacións, suxestións e requirimentos que se lle formulen desde a Consellería do Mar en relación co obxecto do presente convenio.

#### **SEXTA.- VIXENCIA.**

A vixencia do presente convenio estenderase desde a súa sinatura e ata 30 de decembro de 2021, non sendo susceptible de prórroga.

#### **SÉTIMA.- RESOLUCIÓN.**

Serán causa de resolución do convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

#### **OITAVA.- CARACTER DO CONVENIO**

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.

**NOVENA.- LITIXIOS.**

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán ser solucionadas pola Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula quinta anterior. Se non se puidera alcanzar dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso- administrativa.

**DÉCIMA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA**

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data ao comezo indicados.

Pola Consellería do Mar


P.D. (Orde do 8-09-2017, DOG nº 180, do 21-09-2017)

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica



Mercedes Rodríguez Moreda

Por ARVI



O xerente adxunto

Hugo Crisanto González García

